

# Territorios

DE GALICIA

Casa consistorial  
de Lugo

## LENDOIRO abriu ó PÚBLICO ó Pazo de MARIÑAN



**XAQUÍN GAGO:**  
"Ter CARTOS é ter PODER"

Gago López, alcalde de Villagarcía


# Xunta, Deputación, Universidade e Mancomunidade do Salnés están interesados en merca-la Os alcaldes de CAMBADOS e MEIS, empeñados en converti-la "A SALETA" en ben público

A Saleta é unha fermosa finca de 5 hectáreas, situada no concello de Meis (Pontevedra), que durante 28 anos coidou cun mimo e agarimo o matrimonio formado pola británica Margaret Gimson e o seu home, mister Robert Gimson, falecido hai anos. Este matrimonio, amante da natureza e da botánica, adicouse dende o principio a plantar árboles e plantas de todo o mundo ata conseguir formar un auténtico xardín botánico, segundo os expertos que teñen visitado A Saleta.

**M**ARGARET Gimson que, ós seus 78 anos, sigue coidando o xardín coa axuda dun empregado e outra persoa a tempo parcial, recorda que o seu home carteábase cos directores dos principais xardíns botánicos do mundo e que estes remesáronlle a semente de tódolos árbores que foron plantando. Tamén visitaron moitos países con climas semellantes ó das Rías Baixas para coñecer plantas e traelas a Galicia.

## AMANTES DA NATUREZA

Naturalmente, o labor desenvolvido non só foi de escolma e plantación: os Gimson adecuaron o terreo a cada especie, construíndo bancales, zonas secas ou húmedas segundo o requirira cada especie. Ó mesmo tempo fixeron un arquivo no que



Os alcaldes de Cambados e Meis, Santiago Tirado e Jorge Casal.

se recolle a procedencia de cada semente, nome, data en que foi plantada, cuidados que requiriu, datas de abonado, de poda, de floración, temperatura da época en que foi plantada, etc.

Paralelamente elaboraron outro arquivo no que anotaron tódalas plantas que morreron porque non se adaptaron a este clima ou por outras circunstancias. O matrimonio verdadeiro exemplo de amantes da natureza tamén puxo unha etiqueta metálica o pé de cada planta, na

A FINCA é un xardín botánico único na Península que comprouse, adquiriu, conservou e manteve, porque a súa dona xa non pode continuar co labor”

que se especifica o nome, a data en que foi plantada e a procedencia.

## A INGLESA VENDE A SALETA

Pero o tempo pasou, e Margaret Gimson con 78 anos atopase sóla, e coa responsabilidade de coidar-lo inmenso xardín sin ningún tipo de axuda económica. Diante desta situación decidiu vender A Saleta, pero, sobre todo, quere que os futuros compradores continúen a súa obra. Como era cáseque imposible atopar unha persoa que economicamente poidese comprar toda a finca e mante-lo xardín, Margaret decidiu vendela finca por anacos. De momen-



OS GIMSON visitaron países con climas semellantes ó das Rías Baixas para coñecer novos tipos de plantas e traelas ata A Saleta para plantalas”

## Plantas do TIBET, Birmania e AUSTRALIA

A Saleta, situada na ladeira dun monte que mira directamente ó nacemento do sol, conta con numerosas variedades de plantas traídas de lugares tan remotos como o Tibet, Birmania, Australia, Xapón, México, Azores etc. A mediados de febreiro a zona da finca adicada a camelias e rododendros estaba toda florida. Era un auténtico paraíso. A variedade de camelias é intermisible e impresionante. Destacaban, pola súa rareza, un rododendro amarelo traído de Birmania e outro vermello do Tibet.

## CERTIFICADO DE AUTENTICIDAD

Da singularidade de A Saleta da fé un certificado asinado o 25 de outubro de 1992 en Madrid, por Antonio Trillo, Secretario Xeneral do Comité español do programa Biosfera da Unesco. O documento di textualmente: "El Jardín de La Saleta, situado en San Vicente de Meis (Pontevedra) posee una de las más importantes colecciones botánicas privadas de España". Máis claro, auga.

Pero o documento non quedaba nunha mera declaración de recoñecemento. Ía máis aló: "Que en este Jardín existen especies vegetales de África del Sur, de Australia, de Nueva Zelanda y de América del Norte que viven con gran vigor. Muchas de ellas son únicas para España y seguramente algunas de ellas para Europa. Que la singularidad y rareza de las plantas presentes en este Jardín, precisan de un esfuerzo para evitar su pérdida que sería irremparable para el mundo vegetal".



to xa vendeu un 40% da propiedade en dúas partes, unha delas incluía o pazo da finca.

Cando se fixo público que se vendía A Saleta, considerado como "un lugar único en toda a Península", o Colectivo Ecoloxista do Salnés propuxo a compra e recuperación da finca para o

disfrute dos veciños. Pero o concello de Meis cun presuposto de 200 millóns de pesetas non pode facer fronte á compra e conservación da finca.

Diante desta situación os alcaldes da Mancomunidade do Salnés acordaron constituir unha comisión que negociara coa

dona da finca e buscara axudas para reuni-los 60 millóns que piden pola venda. Con esta medida téntase evita-lo risco de que se perda a riqueza que existe en canto a variedade de especies, o traballo de aclimatación e de estudio personalizado de cada planta.

O fronte desta comisión, integrada por representantes de tódalas forzas políticas, está o Presidente da Mancomunidade do Salnés, que na actualidade é o alcalde de Cambados, Santiago Tirado.

## AS XESTIONS DE TIRADO

Os alcalde de Meis e Cambados, Jorge Casal e Santiago Tirado, respectivamente, pedíronlle a dona da finca que aplazara a venda por un ano, prazo que se cumpre en marzo, para así darlles marxe a contactar coas diversas institucións e conseguir subvencións para a compra de A Saleta e logo estudia-lo futuro a que se podería adicar.

Santiago Tirado e demais alcaldes empezaron por entrevistarse no Ministerio de Medio Ambiente co hoxe Conselleiro, Carlos del Alamo que os orientou nos pasos a seguir. Del Alamo, que coñece A Saleta, considerou oportuno que visitaran a finca — para logo elaborar un informe — a Directora do xardín botánico de Madrid, dependente do Instituto Nacional de Investigacións Científicas e o Director do botánico de Córdoba, Esteban Hernández, por ser éste último representante da Rede de xardíns botánicos da Unión Europea, para elaborar un informe.

Ambolos dous directivos quedaron realmente impresionados pola diversidade de especies, e afirmaron que "es un lugar que merece la pena conservar, pues tiene una magnífica colección de plantas y especies que probablemente no existan en ningún otro lugar". O director da Escola de Forestais de Pontevedra, que ta-

mén visitou a finca en representación da Universidade de Vigo, manifestou igualmente o seu interese polo xardín de Meis e dixo que ían a face-lo posible por compartir técnica e científicamente o futuro da finca.

## OS 60 MILLONS

O alcalde de Cambados di que perderon moitas horas en entrevistas para pedir axudas nas distintas institucións. Os alcaldes visitaron Caixa Pontevedra, ó Presidente da Deputación, Caixavigo, Consellería de Cultura, Secretaría Xeral para o Turismo e Consellerías de Agricultura e Medio Ambiente. Segundo o alcalde de Cambados todos estes organismos prometeron axudas. "A fin de contas —dí— 60 millóns non son difíciles de conseguir, o problema é mantela finca". As últimas xestións feitas polo alcalde de Cambados foron

entrevistarse co Presidente da Xunta e co Conselleiro de Medio Ambiente ós que lle solicitou que convocara unha reunión con tódolos organismos que prometeron axudas para chegar a un acordo definitivo.

Santiago Tirado sinalou que Manuel Fraga mostrouse moi interesado en que a finca de A Saleta sexa adquirida polos poderes públicos. Así que, resulta posible que o día que esta revista saía a rúa a compra de A Saleta xa esté resolta, porque os prazos dados pola propiedade esgótanse e a mediados de febreiro Margaret tivo unha oferta privada interesada en mercar-la finca co propósito de seguir mantendo o xardín.

A fin de contas, e despois de 28 anos vivindo en terras do Salnés, Margaret Gimson quere volver a Inglaterra donde vive a súa única filla.

Angélica Bargaña Troncoso



## Mi MARIDO era un JARDINERO amateur..."

MI marido era un jardinero amateur, entusiasta e informado. El quería hacer un jardín en un clima suave, apropiado para cultivar una mayor variedad de plantas que en Inglaterra. Trajimos muchas plantas de Inglaterra y Robert mantenía correspondencia con jardines botánicos y coleccionistas de plantas de muchos países, que le mandaban semillas. Había éxitos y fracasos. Ahora, después de 28 años hay una colección muy interesante de especie, muchas de ellas únicas en España. Robert murió en 1987 y desde entonces he podido continuar e, incluso mejorar, el desarrollo del jardín. Pero sabía que, tarde o temprano, tendría que vender la finca y jubilarme. Durante años busqué, sin éxito, una institución que tuviese interés y recursos para encargarse de la finca.

Ahora, de repente, hay un nuevo y creciente interés por los jardines en Galicia. Ahora la mancomunidade del Salnés intenta comprar la finca. No se me oculta que el primer problema es evidente: dinero para comprar la finca y en segundo lugar, ¿qué hacer después y cómo? A mí me parece importante pensar en los posibles usos futuros de La Saleta, y por eso sugiero algunos:

Ciencia: investigación y educación. Formación: Técnica y práctica: jardinería. Naturaleza: divulgación del mundo de la naturaleza. Estética: el placer de la gente que lo visite. También creo que se podrían recuperar parte de los costos de mantenimiento cobrando la entrada al jardín. De hecho, durante estos años he recibido grupos de escolares, cursos de jardinería, grupos de gente interesada proveniente de cruceros y de agencias de viajes culturales... Y creo que en los últimos casos sería normal cobrar la entrada por persona.

En cuanto a las posibilidades de la casa, entiendo que podría servir de alojamiento del director o encargado, de biblioteca especializada, de Centro de información sobre la naturaleza, las plantas, y técnicas de jardinería y horticultura, de centro de encuentro para algunas sociedades, de restaurante o casa de turismo rural, de tienda de jardinería y pequeño café. Con mis ideas pretendo estimular la imaginación. Es evidente que un proyecto ambicioso sólo se puede realizar montando actividades poco a poco y estudiando su nivel de éxito. Y desde luego el futuro de la Saleta depende del entusiasmo, iniciativa, dedicación y trabajo de quien la compra. En fin, ¡qué haya mucha suerte!

Margaret Gimson